

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Gas Natural Fenosa, a principal adxudicataria do concurso eólico de Galicia, desistiu xa do 41% da potencia que conseguira no concurso eólico.

Un total de 141 megavatios (MW) repartidos en cinco grandes parques.

Esta compañía aínda tiña concedidos 198 MW obtidos na repartición de finais de 2010 e outros 110 máis, pendentes tamén de construción dos antigos plans industriais impulsados durante as lexislaturas de Manuel Fraga no Goberno galego.

O pasado 17 de febreiro a empresa anunciaba que aínda que a compañía dá por concluída "a incerteza regulatoria" derivada da reforma enerxética, os seus plans a curto e medio prazo non pasan por poñer en marcha nova xeración de electricidade en Galiza, xa que consideran que non se dan as condicións.

Esta conxelación da instalación de novas instalacións de produción eléctrica non se restrinxe só a esta empresa, senón que parece ser a tónica xeral en Galiza.

Mentras a nivel mundial existe neste momento unha aposta importantísima polas renovables, no Estado español e en Galiza percorrese o camiño inverso.

A produción eólica está tan parada como o concurso eólico do Goberno Feijoo.

As medidas implementadas pola Consellería de Economía e Industria non tiveron outro resultado que o de facilitar o desestamento das empresas, pero en absoluto dinamizar este sector.

Pero que o concurso esté inerte, non debería significar que a produción eólica o estivese, si se plantexasen alternativas coma poden ser as pequenas plantas de produción ou de autoconsumo.

Pero observamos que a Xunta de Galicia tampouco está a desenvolver o marco normativo que o facilite.

Desmantelase ou evitase a creación dun complexo productivo potencialmente creador de emprego e riqueza, dun xeito sostible, nun país tan necesitado de solucións de futuro.

Por todo o anterior, o deputado asinante, presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Como valora a Xunta de Galicia a situación do sector eólico galego?

- 2) Cal é o balance no sector eólico desde a aprobación das medidas legislativas aprobadas como a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, ou a Circular de 12/02/2014, do director xeral de enerxía e minas, D. Bernardo Tahoces, relativa ao réxime xurídico de renuncias de parques eólicos e modificacións de plans industriais?

- 3) Cales son as medidas para desenvolver as pequenas instalacións de produción eólicas e as destinadas a autoconsumo?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/02/2015 11:06:28